




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ



Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

EMENDA A MOCIÓN SOBRE O MANTEMENTO DE PENSIÓNS DIGNAS.

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto no artigo 97.5 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

EMENDA

1. Volver ao consenso de 2011 derrogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.
2. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.
3. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.
4. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

- a. **As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.).**
Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.
 - b. **Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.**
- 5. Incrementar os ingresos do sistema:**
- a. **Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ao rescate do sistema público de pensións**
 - b. **Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.**
- 6. Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.**
- 7. Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):**
- a. **Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.**
 - b. **Recuperar a iniciativa legislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban**



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.

8. Introducir no Pacto de Toledo, un novo principio de “reequilibrio orzamentario”, un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.

En Allariz a 25 de abril de 2018.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.

Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-